

Vilalba

Desaparecido arciprestado da diocese. Tivo a súa orixe no ano 1855, ó se conformar por primeira vez o territorio diocesano en arciprestados, e extinguiuse como unidade diferenciada desta división territorial en xuño de 2006.

No ano 1960 comprendía 24 parroquias, a maioría delas pertencentes ó concello homónimo, e unhas poucas espalladas polos municipios de Cospeito, Guitiriz e Xermade. Apenas uns anos despois, o arciprestado vía restrinxido o seu espazo ás freguesías vilalbesas que o compoñían en 1960.

A raíz do decreto de 1988, esta demarcación acada a súa máxima extensión superficial ó abranguer 45 parroquias, entre as que se encontraban a práctica totalidade das pertencentes ós concellos de Vilalba e Abadín e unha de cada un dos municipios de Guitiriz, Muras e Xermade.